

HOMENAXE A JOSÉ MIGUEL BESADA FERNÁNDEZ


Por: Anxo López Vergara

Xa van aló máis de vinte anos que levo no Grove e coido que xa podo considerarme coma un máis desta terra. Pero se tivera que dicir como entrei nela ou case millor dicir como esta *illa* entrou en min tería que citar en primeiro lugar ao meu querido e non esquecido José Miguel. Foi por medio del como eu empecei a coñecer ás xentes, os costumes, as historias,...en fin todo o que aconteceu, acontece e, case que diría, podería acontecer aquí.

É del de quen hoxe quixera falar un pouco. Non vou facer aquí un panexírico pois todos sabemos como era e a miña amizade con el faríame ter, posiblemente, unha visión moi parcial. O que eu quero é recordalo sobre todo como colaborador desta revista desde os seus comezos. Como tal sempre estivo á disposición da súa redacción para o que fixese falta e sempre dispuesto a participar e a facer artigos sobre o Grove, a súa historia, as súas tradicións, personaxes ou sobre calquera tema que tivese que ver co seu pobo. Escribiu moito e aínda moito

máis lle quedaba pois non paraba de ter ideas, dicindo continuamente “ Mirade teño preparado un artigo sobre... que vos parece?.....Non! mellor vou contar sobre ... e iso déixoo para máis adiante.ben pensado vou facer sobre isto outro...”, e así continuamente

É por iso que aquí e, coma homenaxe a el neste número queremos inserir unha das últimas cousas que escribiu aínda que non propiamente para a revista Aunios. É un artigo que, en principio, era para preparar un guión para facer unha rodaxe sobre Floreano na homenaxe que se lle fixo no Grove. El era consciente de que podería ou non ser levado a cabo e por iso dicía que, no caso de non realizarse que o mandaría para que a revista o publicase.



José Miguel Besada Fernández
nunha exposición na Toxa no ano 1984.

AO NOSO QUERIDO MESTRE E AMIGO JOSE MIGUEL BESADA

Por: Celestino Pardellas de Blas

José Miguel, aparte de excelente mestre e magnífico pintor, sería a persoa ideal para ser o Cronista de O Grove pois, sobre o seu pobo, era unha verdadeira enciclopedia, ao que todos acudiamos para que nos resolvera calquera dúbida que xurdira de todo o relacionado coa península meca.

El, sempre disposto, dábache todo tipo de detalles sobre o preguntado que, unido ao sentido do humor que sempre o acompañaba, facía da conversa un inesquecible rato que superaba con moito o que ti querías saber.

José Miguel colaborou connosco en todas as revistas, dende o número cero. Comezou pola Lanzada, falounos sobre a Toxa, fixo un percorrido por todas as festas curativas do Salnés, mergullouse no Adro Vello, paseou polo Carreiro, informounos sobre o Meco, sobre a Pesca, tocou o Novo Emden, etc. Era unha peza fundamental de AUNIOS no relacionado con O Grove o coa bisbarra do Salnés.

José Miguel sempre estará presente nesta revista e sei seguro que se algúnn fallo topa nela, nolo fará saberalgún xeito. Unha forte aperta amigo! No nome de todos os socios de PineirÓns e dos colaboradores desta Asociación.